

Resolución do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso nos grupo II e grupo III categoría 62 de persoal laboral fixo da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA), entidade instrumental do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia.

En sesión que tivo lugar o 5 de xaneiro de 2024, o tribunal nomeado pola Resolución do 10 do novembro de 2023 (modificada pola Resolución do 28 de novembro de 2023) para cualificar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso nos grupo II e grupo III categoría 62 de persoal laboral fixo da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA), entidade instrumental do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia acordou, de conformidade coa base III.1.2.6 da convocatoria, facer público o anuncio do único exercicio da proba da oposición que terá lugar o día 3 de febreiro de 2024, en chamamento único que se iniciará ás 10:00 horas, na aula número 12 (primeiro andar) da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), sita na Rúa Madrid, número 2-4, en Santiago de Compostela.

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, lapis do número 2 e goma de borrar.

Non se permitirá o acceso á aula en que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poidan valer as persoas aspirantes para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A presidenta do tribunal

Sonia Piñeiro Saá

